



.....

Xornada

A industria discográfica en Galicia

Do vinilo ás plataformas dixitais

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
9 de xuño de 2022



A industria da música vive un momento crítico a consecuencia do proceso de dixitalización sufrido nas últimas décadas, con importantes cambios nos soportes de gravación e reprodución, no modelo de negocio e no consumo. Os cambios continuos nos formatos, a eclosión de Internet e as novas tendencias de consumo, coa aparición de novas formas de pirataría e a irrupción de plataformas de distribución alleas ao sector tradicional, levaron a industria a unha crise total de vendas, co afundimento de grandes selos discográficos e a modificación da relación entre os creadores e o público cara a un modelo de distribución con novos paradigmas.

Pero non todo foi negativo, a dixitalización trouxo novas oportunidades, de xeito que as redes favoreceron a aparición e o éxito de grupos noveis, aumentaron a música en vivo, cara a un contacto máis directo entre artistas e seguidores, e mesmo a ruptura dos mercados locais para unha maior e máis rápida internacionalización dos produtos, que xa non buscan compradores senón usuarios.

Estes cambios a nivel global teñen unha manifestación particular nos pequenos mercados, como o galego, onde a simplificación e o abaratamento dos procesos de produción musical están dando lugar ao nacemento de novos selos, a fenómenos de autoedición promovidos directamente polos artistas e aos retos de facer visibles na rede os contidos sonoros dunha cultura musical tan rica como a galega.

O Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega reúne nesta xornada pensadores, editores e creadores para facer un diagnóstico da situación e perspectivas de futuro dun sector clave da industria cultural galega.

Programa

Sesión da mañá

10:30 horas
Inauguración

11:00 horas
A industria musical na globalidade: do disco ás plataformas dixitais
Alfonso Espiño, músico e doutor en Historia da Arte

12:00 horas
Pausa

12:30 horas
Historia da música gravada en Galicia: horizontes e perspectivas
Fernando Fernández Rego, profesor e investigador en temas musicais, autor de *Unha historia da música en Galicia 1952-2018*

13:30 horas
Debate

Sesión da tarde

16:30 horas
Mesa redonda
Novos retos para produtoras e editoras discográficas galegas no panorama global contemporáneo
Coordina: **Alejo Amoedo**
Participan:
Maritxu Alonso, Uterzine
Josiño Carballo, Ernie Records
Segundo Grandío, Casa de Tolos

18:00 horas
Mesa redonda
Debilidades, fortalezas, resistencias e esforzos para sacar adiante a produción discográfica galega
Coordina: **Santi Montes**
Participan:
Manuel Alonso, Músicas ao Vivo
Michel Valiña, Asociación Distant Sounds
Jordi Lauren, PlayPlan Cultural

19:30 horas
Peche da xornada

Organiza

Arquivo Sonoro de Galicia (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordina

Xosé Ramón Pousa

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

